

Bicicleta



- ▶ É o medio de transporte máis rápido para traxectos de menos de 5 km.
- ▶ En Dinamarca ou Holanda a distancia percorrida en bicicleta anualmente por persoa é respectivamente 936 km e 848 km, mentres en España só chegamos a 20 km por persoa cada ano.
- ▶ Segundo os resultados dunha enquisa realizada a estudantes universitarios da USC en outono de 2006, só o 0,4% dos estudantes empregan a bicicleta como medio de transporte para ir á Universidade.

A bicicleta nas túas cidades

▶▶ Sabías que:

- A Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Xunta, Verdegaiia e a Oficina de Desenvolvemento Sostible da USC poñen en marcha un programa piloto de préstamo de bicicletas de abril a xuño de 2007 dirixido á comunidade universitaria? Consulta www.usc.es/plands
- A masa crítica de Compostela ("coincidencia organizada" de ciclouuari@s que realizan un paseo colectivo pola cidade e participan noutras actividades) reúnese todos os últimos mércores de cada mes? O lugar de encontro é a caseta de Turismo na Praza de Galicia ás 20:30.

En www.bicis.info dispós de información sobre o uso das bicis.



Elixo o medio axeitado

- ▶ Ao desprazarte aposta polo transporte colectivo sempre que poidas.
- ▶ Para traxectos de distancias pequenas o uso da bicicleta ou ir a pé son boas opcións.
- ▶ Se non hai alternativa ao uso do coche procura compartilo con outras persoas que realizan o mesmo itinerario.
- ▶ Lembra que o autobús é unha forma cómoda e barata de viaxar pola cidade.

Se queres máis información ponte en contacto con nós:
www.usc.es/plands ou plands@usc.es

SABES COMO TE MOVES NA USC?

▶ Segundo un estudo de mobilidade realizado na USC, o número medio de desprazamentos á USC por día e estudante é de 2,6 viaxes polo que estaríamos falando duns 74.000 desprazamentos diarios de estudantes dentro dos campus da USC.

▶ Segundo resultados dunha enquisa realizada a estudantes da USC en outono de 2006:

- O **12,5%** dos estudantes adoitan desprazarse ao seu centro docente en **automóbil**.
- O **20,2%** emprega o **transporte público**.
- O **66,9%** realiza os seus desprazamentos **a pé**.

Uso do coche



▶ O uso do coche implica o 54% do consumo enerxético dunha familia. É posible aforrar ata un 15% do combustible cunha conducción económica:

- Arranca o motor sen acelerar e conduce sempre que poidas en marchas longas.
- Unha conducción prudente e suave reduce o consumo de combustible: evita os aceleróns e freadas bruscas sobre todo en frío.
- Apaga o motor cando esteas esperando ou parado durante máis de 2 minutos.
- Cambia a marchas máis curtas para decelerar.
- Lembra facer postas a punto periodicamente.
- Supervisa a presión e aliñado das rodas. Unha mínima diferenza coa presión correcta pode aumentar o consumo de combustible arredor do 5%.
- Descarga a equipaxe do coche se non a necesitas. Con 100 quilos máis de peso o coche consume arredor dun litro máis de combustible cada 100 km.

▶▶ DATOS

Segundo o Servizo de Control do Tráfico da Policía Local de Santiago, de luns a venres entran cada día en Santiago 90.000 vehículos, cando o parque móbil de Santiago ten 50.800 vehículos. No caso da cidade de Lugo entran cada día uns 76.000 vehículos e o seu parque móbil é de 57.500 vehículos.

Transporte público: autobuses



- ▶ Emítense menor cantidade de CO₂, un dos principais causantes do cambio climático.
- ▶ Diminúese o consumo de combustibles fósiles.
- ▶ Diminúense os atascos, mellorándose a calidade de vida nas cidades.
- ▶ Os transportes que empregan biodiesel contaminan menos. Reducen as emisións de CO₂ ata un 80% respecto dos combustibles tradicionais.

Autobuses na USC

- ▶ O servizo de transporte urbano de Santiago conta con 16 liñas de autobuses, 4 delas circulares, que enlazan a cidade de xeito que, cun máximo dun transbordo, están conectados todos os puntos da nosa cidade que atende o transporte urbano. En Lugo, tamén hai actualmente 16 liñas de autobuses.

- ▶▶ *Sabías que na túa cidade hai liñas especiais que percorren o campus universitario? Consulta www.usc.es/plands para ver un plano detallado de liñas de buses que pasan por cada centro da USC.*

- ▶ Lugo:
Especial Universidade e liñas 7 (As Gándaras, Campus) e 10 (Frigsa-Campus).
- ▶ Santiago de Compostela:
Liña 15 (Campus Norte/Praza Galicia/Campus Sur).

- ▶▶ *Sabías que 3 liñas de transporte urbano de Lugo funcionan con biodiesel: 1A (Acea de Olga-Piringalla), 10 (Frigsa-Campus) e 12 (especial Universidade)? En Santiago dende maio de 2007 circulan 9 buses que funcionan con ese combustible.*

No Campus de Santiago hai 23 paradas de autobuses próximas aos centros docentes e en Lugo 7. Encontra cal é a que máis che convén.

(www.usc.es/plands/secciones/datos_plan/eixe2/mobilidade_sostible/lineas_buses/lineas_bus.htm)

Os universitarios dispoñen de tarifas reducidas para o transporte en autobús en Santiago e en Lugo. En Santiago, coas recargas de viaxes coa TUIC, o prezo do billete é de 0,47€ para os bonos de 10 viaxes e de 0,40€ para os bonos de 100 viaxes. En Lugo, o prezo da cada viaxe co bono universitario é de 0,29€.

Consulta www.usc.es/gl/info_xeral/transportes/transporte0506.jsp para coñecer as vantaxes da TUIC.

Transporte público: tren

- ▶ O ferrocarril é o modo de transporte que - por unidade transportada - xera menores custes ambientais: 5 veces menos que o transporte por estrada de mercancías, 3 veces menos que o transporte por estrada de viaxeiros, 2 veces menos que a aviación civil.
- ▶ Se o 3% dos usuarios do automóbil pasasen a empregar o tren, diminuiríase o 10% das emisións de gases de invernadoiro. O cambio de desprazamentos en automóbil cara o tren é unha das claves para poder alcanzar os obxectivos do Protocolo de Kioto.
- ▶ En España, transportar unha tonelada-km por ferrocarril consume 4 veces menos litros equivalentes de gasolina, que facelo por estrada e 1.380 veces menos que facelo por avión.
- ▶ En España, un viaxeiro utilizando o tren, consume entre 3 e 10 veces menos litros equivalentes de gasolina por km que si viaxa en coche, e 20 veces menos que se utiliza o avión.
- ▶ Segundo datos de Renfe, o transporte realizado polos seus ferrocarrís representou só o 0,02% das emisións totais de CO₂ en España.

- ▶▶ *Sabías que os estudantes universitarios poden viaxar en trens de media distancia (Rexionais e R-598) beneficiándose de descontos en tres tipos de abonos?*

Abono mensual, que permite a realización de viaxes ilimitados, indistintamente de ida ou volta, entre as estacións de traxecto durante o mes aboadado.

Abono cuadrimestral, válido para realizar dúas viaxes por semana entre as estacións de traxecto durante o período de vixencia (Primeiro Cuadrimestre: de outubro a xaneiro, Segundo Cuadrimestre: de marzo a xuño).

Abono anual, para realizar dúas viaxes por semana entre as estacións de traxecto durante o período de vixencia (outubro-xuño).

Consulta www.renfe.es para máis información.

